

A idea de Camiño Circular S. Coop. Galega, deseñada pola Admnsitradora Única Lara Blanco Fernández, aspira a dinamizar o rural a nivel social, artístico, ambiental e local. **A proposta defínese en base a cinco camiños** que teñen como destino un obxectivo común: o desenvolvemento sostible, saudable e solidario do noso rural.



Camiño Ambiental

Facemos da nosa contorna un lugar para a educación, a reflexión e o intercambio de experiencias de desenvolvemento sostible, potenciando proxectos exemplarizantes no rural e transmitindo valores e accións para o coidado do medio.



Camiño Artístico

Empregamos música e arte para o intercambio sociocultural e a concienciación ambiental, desenvolvendo proxectos que valoran o rural como punto de inspiración artística e creación de cultura.



Camiño Local

Recuperamos e fixamos poboación mediante a innovación social, desenvolvendo de xeito alternativo os sectores económicos en regresión, poñendo en valor o tecido produtivo, o patrimonio e o turismo sostible.



Camiño Social

Avanzamos cara unha comunidade solidaria, inclusiva, diversa e participativa, realizando actividades que promovan a conexión dos diferentes colectivos e o coñecemento das diversas realidades sociais existentes tanto a nivel local como global.



O teu Camiño

Axudamos a impulsar novos camiños de intercambio, creando proxectos personalizados e adaptados aos diferentes actores e entidades colaboradoras.

Trátase dun **proxecto interdisciplinar para crear camiños que xeren un impacto positivo** a través da colaboración con tódolos axentes do territorio, deseñando iniciativas **comprometidas e responsables que parten da innovación social e cultural** como maneira de transformar o noso rural.

OS VALORES DA PROPOSTA

Camiñar do local ao global,

potenciando o desenvolvemento sostible xerando alternativas e visibilizando o rural no contexto dun mundo globalizado.

Camiñar pola economía circular,

reactivando un tecido produtivo máis saudable, sostible e colaborativo impulsando as 3 R: reutilización, reciclaxe e redución.

Camiñar coa creatividade,

impulsando a música e as artes como medio de expresión, divulgación e comunicación, creando conciencia e formando comunidade.

Camiñar xuntas,

fomentando redes de intercambio sociocultural para fortalecer o desenvolvemento activo dunha sociedade solidaria, sensible, igualitaria e inclusiva.

ACTIVIDADES DESEÑADAS

No camiño ambiental

Paseos sonoros e temáticos no rural, divulgación de iniciativas sostibles contra o abandono do rural, creación artística en espazos naturais, obradoiros de concienciación ambiental, xornadas musicais polo coidado do medio ambiente.

No camiño artístico

Clases de música no rural para tódolos públicos, obradoiros temáticos a través das artes, creación dunha rede de instrumentos gratuítos, construción de instrumentos con materiais reciclados.

No camiño local

Servizos orientados á produción local, Recuperación e creación de rutas e lugares de interese, dinamización de espazos públicos e negocios locais, promoción dunha alimentación sostible, organización de redes de intercambio local.

No camiño social

Xornadas semanais de dinamización sociocultural contra o despoboamento, obradoiros temáticos interxeracionais e interculturais, rede comunitaria para o coidado de persoas maiores, actividades para visibilizar diferentes realidades sociais, reciclaxe integradora e compartida.

No teu camiño

Creación de proxectos adaptados e particularizados, deseño de actividades a medida.